

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Ana Caramés

Colaboran neste número: Fernando Fernández Rey, Conchi Gilino, Martín García Pérez, Carlos Fernández Rivas, Oscar Quiñones, Lucía Soliño, Diego Moreira e as seccións deportivas do club.
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola
 Presidencia da Xunta
 de Galicia.
 Secretaría Xeral de
 Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora
 Concello de Vigo
 - Área de
 Participación
 Cidadá



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 100

NOVIEMBRE 2009

Editado 20/11/09

NÚMERO 100

VINDEIRAS ACTIVIDADES

NOVIEMBRE	14	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	14-15	Burbia	Campamento de Outono	S.D. Infantil
	15	Forcarei	Aciveiro - Candán	S.D. Sendeirismo
	21-22	Ancares	Actividade Montaña en Ancares	S.D. Montaña
	21-22	Aloia-Tui	Magosto Social	S. Actividades Sociais
	28	Beade	Magosto infantil	S.D. Infantil

DECEMBRO	5-8	Navarra	Actividade de Montaña	S.D. Montaña
	11	Local Social	Festa peche ano	S.D. Infantil
	18	Local Social	Festa de Nadal	S. Actividades Sociais
	20	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Subacuáticas
	20	Ourense	Ribeira Sacra	S. D. Sendeiros
	19	Local Social	Xornada Mantemento esquís	S.D. Esqui
	20	Manzaneda	Iniciación ao Esquí de Travesía	S.D. Esquí

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

Xa son once anos dende que se comezou a enviar ós socios este boletín de información. Exactamente o primeiro foi publicado o 14 de xaneiro de 1998, e xa son 100 os números publicados, todo un éxito para calquera publicación, por modesta que ésta sexa, tendo en conta que sae adiante de forma voluntaria gracias ós socios e directivos do club.

Moitos dos artigos foron escritos por socios que por primeira vez participaban nas actividades do club; outros foron escritos polos xa máis veteráns ou os vogais de cada sección; outro grupo de persoas voluntarias encárganse de facer o maquetado; outras de facer as traducións e correccións, e finalmente o club ten outro grupo de persoas que se encarga de dobrar, selar e enviar por correo. Quero dar as gracias en nome de tódolos socios do club a todas estas persoas, xa que sen a súa axuda xenerosa e desinteresada, tódolos boletíns ata este nº 100 non estarían nas vosas mans.

Chegar ó nº 100 tamén pode ser un bo momento para reflexionar sobre o futuro dos boletíns, en canto ós contidos dos mesmos e a forma de facer chegar esta información ós socios. Temos que ter en conta os novos canais de comunicación, tanto para os socios como para o público en xeral, e á vez optimizar os recursos humanos.

Estamos traballando nunha nova páxina Web, como novo soporte de presentación corporativa do noso club, na que se reflicta ós socios e ó público en xeral, aa filosofía, os valores e a razón de ser da nosa asociación: un soporte que ademáis poida ofertar servizos, actividades e sobre todo un canal de comunicación.

Dentro deste proxecto haberá un espazo reservado para que os usuarios poidan suscribirse ó boletín de noticias do CLUB MONTAÑEIROS CELTAS e chegará a todos aqueles socios que así o requiran vía mail. A Directiva entende que existen socios que poden ser reacios a estes novos canais de información, ou simplemente non os utilizan, polo que seguiremos compartindo os dous formatos: o boletín en papel e o electrónico, que esperamos sexa o maioritario, xa que o implantar estes novos sistemas supón moitas vantaxes de aforro de costes, fotocopias, selos, etc. e sobre todo os traballos realizados por socios de forma voluntaria., xa que é moito máis cómodo o seu envío masivo.

En definitiva, trátase de que como o resultado final de todo este traballo é compartir dentro do noso colectivo unha forma de vivir, sentir e entender a montaña e os deportes ó aire libre, confiamos en que o club teña durante moitos anos máis o boletín como canal de información e comunicación.

Fernando Fernández Rey

Neste número:

Número 100	1
Sendeirismo	2
Sección de Esquí	4
Curso de Fotografía	4
Espeleosección	4
Montañismo	5
Infantil	6
Actividades Subacuáticas	6
Vindeiras Actividades	8

NOVAS

A Sección de Sendeiros con Miguel Carrillo á cabeza, quere agasallar a todos os participantes nas súas actividades, e quere premiar á vosa fidelidade. Por iso tedes á vosa disposición unha “tarxeta de participación”, que teredes que ir timbrando en cada

saída do Club.

Cando a completedes recibiredes o agasallo dunha camiseta da sección.. A tarxeta poderédela recoller na Secretaría do Club, ou ben pedirla directamente a Miguel. (máximo dous agasallos por persoa. Válido ata 2010).



BASES: Montañeiros Celtas e a Sección de Sendeirismo quere premiar a túa fidelidade. Coa túa participación en 5 saídas da sección, obterás un estupendo agasallo. Cada vez que participes nunha actividade o vogal da sección porá un carimbo neste cupón, cando o completes poderás cambialo por un agasallo!!!!	1.- Saída 2.- Saída 3.- Saída 4.- Saída 5.- Saída
Válido ata fin de 2010 (Máximo 2 agasallos por persoa)	Entrega este cupón cuberto e cos carimbos correspondentes na secretaria do club e recibirás o teu agasallo

RUTA DO RÍO XABRIÑA (4-10-2009)

Co veranillo de San Miguel marchou o sol e as boas temperaturas que practicamente gozamos todo o mes de setembro. Qué lle imos facer, as estacións teñen que sucederse e a nós nos toca aclimatarnos a elas. De feito esta madrugada caíron uns bos chaparróns que nos obrigaron a meter nas mochilas chubasqueiros e polainas. Quizáis por isto ou porque a saída de tres días a Somiedo está á volta da esquina non quedou máis remedio que facer uso dos coches particulares, pois somos trece os anotados, poucos para contratar un bus.

¿Onde está o río Xabriña? Moi preto, a menos de 50 km de Vigo, entre Pontearas e a Cañiza, nos aclara Miguel. Co día de hoxe é mellor facer unha ruta preto de casa; e tan preto que en media hora estamos tomando o café en Paraños, pertencente ó concello de Covelo, lugar onde comeza a ruta. A Federación inda non a ten homologada pero xa consta nos carteis e no folleto de información como PR-G 119, de 17 km., circular e de suave desnivel (495 metros).

Botamos a andar en Paraños. O río Xabriña, afluente do Tea, é o protagonista, e a nosa senda, á súa beira, o convirte ademais nun magnífico guía que a cada momento nos descobre a súa fermosa vexetación, fragas, prados, pontes e pasos, numerosos muíños e ¡sorpresa! “lagares e eiras de cera”, onde se elaboraba a cera para as candeas.

Fai calor e moita humidade; María, a benxamina do grupo, pregunta a Miguel ¿falta moito? Pouco, responde. Seguimos; cruces, cruceiros, petos de

ánimas saen ó noso paso como o da Aldea de Abaixo que este fin de semana celebra a festa de Nosa Señora do Rosario. A maioría dos seus habitantes está na misa. Non queremos perdernos a procesión nin o baile e nos entretemos comendo as rosquillas que venden ó pé da igrexa. Á saída de misa algúns compañeiros atopáronse con coñecidos que viven en Vigo e que teñen nesta aldea as súas orixes. Coa música de gaitas e castañolas seguimos por vellos camiños ata ascender ós Cotos da Bouza que representan o punto máis alto do val: dende alí divisamos montes como o Montouto e outros máis lonxanos.

Baixamos e seguimos camiño. Ó rato, María- 11 anos-pregunta: Miguel ¿falta moito? Pouco, responde. Xa, pouco... repite ela- e con estas preguntas e respostas que nos recordan a nosa infancia chegamos ó pobo coa intención de comer no palco de música, pero ó ver os bancos da praza nos decantamos por comer ben sentados.

A volta, de 7 km, transcurre moi amena, pois ás adiviñanzas de María se suman os chistes de Miguel e cando nos damos conta xa estamos tomando a cervexa. Percorremos uns 22 km, algo máis da ruta completa porque nos entretivemos cos muíños esparcidos polo río Xabriñas e os seus afluentes.

PD.: este sendeiro é máis que recomendable para aqueles que desexen disfrutalo pola súa conta; está moi ben sinalizado. A ruta se pode comezar en Paraños ou, si se prefire, en outros lugares como A Lamosa, Prado de Canda ou Corzós. En Paraños se pode enlazar cos muíños de Mouriscados.

Concha Gilino

Club Montañeiros Celtas

O Caribe na Ría de Aldán

1 de maio 2009

Estaba eu con moitas gañas de que chegase esta inmersión. Por unha banda facía máis dun mes que non me mollaba, por outra, iamós a unha zona nova cun club de Bueu, “Buceo Ons,” e ademais tiña ganas de probar unha cámara que me acababa de comprar.

O día arrincou con moi bo tempo, a miña única pega era que eu ía cun resto de catarreira que me quedo da semana (esperaba que non me dese moitos problemas).

Saímos en dous coches e xa todos tiñan claro quen escribiría o próximo artigo, só quedaba saber como organizaríamos os grupos.

Xa en Bueu preparámonos mentres a xente do club achegaba a lancha. Alí coñecemos a Luís, un simpático cubano do interior amante do mar, pero non moi acostumado ás temperaturas da nosa zona.

Subímonos á lancha e dirixímonos a unha zona protexida da ría de Aldán, xa que empezaba a erguerse algo de vento. O lugar chamábase “Con do Dado” e tratábase dunha zona de penedos que variaba entre os

10 e 20 metros.

Xa organizados en tres grupos iniciamos a inmersión. Baixe con Celia e con Oscar, que facía de guía. Eu, nunha posición máis cómoda pechaba o grupo, mentres intentaba sacar algunhas fotos coa cámara.

O sitio salientaba pola cantidade de vida que había pola zona, así como as impresionantes formas das pedras que nos ían acompañando polo camiño.

Pode que unha das zonas máis bonitas fóra un paso estreito onde atopámonos cos nosos compañeiros en sentido contrario, ademais por alí había un simpático polbo que trataba de pasar inadvertido (cada vez os vexo con mais facilidade).

Pouco despois fomos subindo xa que eu estaba chegando á reserva. Unha pena non poder gozar un pouco mais da zona. Ao final saímos, mais ou menos, os tres grupos ao tempo. Axudámonos uns a outros a subir e de volta ao porto mentres comentamos as experiencias. Tras cambiarnos, un último punto de reunión en “A Viúva”, onde Rafa falounos de interesantes inmersións preto de Ons. Quedan anotadas para outras ocasións.

Diego Moreira



Novas da Sección Infantil

□ 28 de novembro: Faremos un magosto no monte de Beade, e aproveitando a ocasión andaremos un pequeno sendeiro. O final vos toparedes cunha sorpresa, ¡pero teredes que traballar duro!

□ 14 e 15 de novembro: Actividade en Burbia.

□ Queremos informar a tódolos socios que participan con nós nas actividades da S. D. Infantil de que a partir do ano 2010, ademais da diversión e coñecemento dos que sempre gozades, engadiremos un agasallo para os nosos seguidores máis fieis: Repartiremos entre vós unhas tarxetas que selaremos conforme vaiades participando nas actividades, e cando teñades un total de cinco carimbos, vos agasallaremos cunha camiseta. Non o dubidedes, ¡participade!

Recordatorio: Aproveitamos para

lebrarlle ós rapaces e rapazas que participaron en setembro na actividade das Illas Cíes que no Club hai unha copia das fotos e vídeos para cada un de vós agardando que a recollades



ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

**Panxón-Monterro
Domingo 31-Maio-09**

Esta vez dirixímonos a unha cala tranquila de Monterro en busca do mítico cabaliño de mar e unha cova mariña, acompañábanos unha nova componente, Paula, que facía a súa primeira inmersión despois do curso ...moi ben baixo a auga a pesar de que os oídos, como dixera, lle fixesen baixar moi amodo (este artigo tería que haberlo feito ela); Silvia

cada vez mellor, guiándonos nunha enmarañada zona de argazos primeiro xunto ao cantil e despois sobre unha extensa pradaria de zoosfera mariña que lembrábanos ao Mediterráneo en onde unha preciosa raia mosaico se deixou acariciar...A pesares de que no topamos nin cabalos nin buraco, a guinda da xornada foi coñecer a Ana e a Carlos que fixeron moi agradable a descompresión...vémosnos na vindeira!!!

Oscar Quiñones

**Os de mergullo seguimos adiante
Portonovo 28-Xuño-2009**

«O Capitán Nemo falou ao seu hóspede, o profesor Annorax: “nestes momentos estamos na Baía de Vigo, e solo depende de vostede penetrar nos misterios encerrados nela”» (Xulio Verne; 2000 Leguas de Viaxe Submarina). Nin tan sequera o Capitán Nemo de Xulio Verne podía resistirse a descubrir os tesouros das rías galegas; por suposto a sección de mergullo dos montañeiros non ía ser menos. Aínda que neste caso nos diriximos a descubrir os “misterios encerrados” nos fondos da ría de Pontevedra. O mar non foi benevolente connosco esta vez, e José, do Centro de Buceo Indalosub como bo profesional, o que lle gusta que o cliente quede sempre satisfeito, nos indicou un lugar protexido no que mergullarnos sen perigo. A zodiak “non cruzaba o mar senón voaba” camiño de Punta Seame, lugar da inmersión, facéndonos dar saltos con cada ola... e , por fin, chegamos. Protocolo de equipamento e “emparellamento” e...CHOF!! A auga ras (e cucharillas!). Unha vez abaixo, Silvia, como excelente guía, nos levou por entre un mar de laminarias xigantes e “pradeiras” de

anémonas aferradas a parede rochosa que limitaba con un “deserto” de area cheo de vida: Chocos atrevidos que pretendían atemorizarnos levantando o seus brazos, para aparentar máis grandes; un pulpiño que casi nos fixo despistarnos dos nosos compañeiros; bancos de fanecas, sargos e centos de alevíns, que, coma nos, buscaban protección nesta zona resgardada; preciosos nudibranchios, esponxas multicolor e incluso algunha cova escura que nos descubría os seus habitantes ante a luz das nosas lanternas. Diego, como bo reporteiro gráfico plasmou estes momentos baixo a auga, e Celia, nos fixo recordar que non todos os animais do mar nos reciben sempre amablemente...O que máis e o que menos xa tivemos a nosa experiencia persoal cos tentáculos urticantes das anémonas. Pero unha inmersión non é unha inmersión si despois non se poden comentar as anécdotas na cámara “hiper-bar-ica”. Do mellorciño, por certo, en Portonovo: caña e tapiña de callos, para sacar o sabor salgado dos beizos...iso si, sen quitar o bo sabor de boca que deixa o disfrutar do mergullo con tan estupendos compañeiros!!

Lucia Soliño

Club Montañeiros Celtas

**MONTEDEERRAMO (S. D. SENDEIROS)
(20-09-2009)**

Chegado setembro retomamos de novo as saídas de sendeiros tranquilos; este domingo Miguel nos ofrece un percorrido por Montederramo, na provincia de Ourense, para percorrer parte da Serra de San Mamede. Esta serra forma, xunto coas de Queixa, Fial das Corzas e os montes de Invernadeiro o conxunto montañoso máis completo da alta montaña galega.

Como se trata do primeiro sendeiro tra-las vacacións de verán, a máis dun nos pillou coas forzas un tanto baixas, por eso lle pedimos que acorte uns kilómetros este fermoso sendeiro para non acabar coas pernas tocadas, pola sinxela razón de que nos agarda unha estupenda temporada de camiñatas. E así o fixo.

Para facilitarnos os desprazamentos o autobús realizou dúas paradas: unha no club e outra na Avda. de Madrid. Hoxe estamos anotados 17 participantes. Agárdanos un largo camiño por estrada de máis de dúas horas de duración, que se fai agradable entre charlas e algunha soneca.

Tra-lo café na praza do pobo, percorremos uns 2,5 km en autobús ata a área recreativa, punto de partida do sendeiro, e ás 10,30h comezamos a andar. Temos pendentes un total de 24 km: 12 costa arriba e 12 costa abaixo, cun desnivel duns

950 metros. A ruta pasa por camiños rodeados de moita vexetación: ademais dos altos fentos nos atopamos con carballos, castiñeiras, bidueiros, sufreiros, moitos con líquens adheridos ós seus troncos e pólas, e gran cantidade de escornabois que dan o toque colorista ó conxunto. Vemos, tamén, grandes extensións de campos separados por alambradas e con escasa poboación. Ós 25 minutos pasamos por Vilanova e tras outros 35 minutos deixamos atrás Fontedoso para descansar pouco despois no cruce de Campo Casar onde tomamos un tentempé. Continuamos ata o collado entreténdonos en facer fotos e buscar amorodos. Ás 13,30h estabamos no cumio de San Mamede (1618 metros), dende onde nos vemos premiados cunha amplísima vista e co pracer de saber que dende este punto todo é baixada.

Tra-la comida reanudamos a marcha pola Ruta Do Santo, do Bidueiral, Vilouxe e ó pouco nos atopamos co noso autobús, co que que percorremos os 3 km que nos separaban de Montederramo, onde, como é costume, tomamos unha boa cervexa.

E para rematar, decirvos que a Festa de Reencontro tivo unha alta participación, que foi do agrado de todos os que colaboramos e confío en que tamén dos que acudiron á cita. ¡GRAZAS!

Concha Gilino



SECCIÓN DE ESQUÍ

Sabado 19 e 20 de Decembro

Sabado 19, Xornada de Encerado e Mantemento de Esquis. No local social a partir das 10:00 da mañan ata 13:30 , faremos unha xornada practica de preparación do material de esquí de travesía, tocando os seguintes puntos:

- ¿Porque encerar os esquís?
- ¿Cando encerar as tablas?
- Materiais para un encerado caseiro
- O proceso do encerado
- Alguns consellos para o mantemento das tablas

Domingo 20, Xornada de iniciación ao esquí de travesía a realizar en Manzaneda.

Dado que a cantidade de material de esquí que temos no Club é limitado, faremos unha xornada para practicar a colocación de peles de foca, ascensión con esquís e descenso, e tamén a utilización do ARVA.

Actividade destinada a socios sen experiencia e

interesados en achegarse ao esquí de Travesía, pero que xa teñan algún coñecemento do esquí en pista.

O transporte será en vehículos particulares. A actividade iniciárase sobre as 10:00 da mañá na estación de esquí de Manzaneda, farase un percorrido pola estación Manzaneda.

Sábado 23 de Xaneiro e Domingo 24 de Xaneiro

Xornada de esquí en Alto Campoo Cantabria.

Clásica saída anual de esquí alpino que este repetimos na estación de Alto Cammpo en Cantabria, tendo en conta o éxito da edición pasada.

Sairase puntualmente o Venres as 08:00 fronte ao Club, chegando sobre a 1:30 da madrugada ao Albergue.

O Club encargárase das reservas do albergue e fordfait. O material poderase alugar na estación, e despois de dous días esquiando, sobre as 17:00 iniciamos o retorno a Vigo.

Fernando Fernández Rey

CURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL

Comezará o xoves 14 de xaneiro e se prolongará ata maio incluído, tódolos xoves de 20h a 21:30h. As prazas son limitadas. Será impartido por Martín García, socio do noso Club, autor de máis de 30 exposicións e cunha ampla experiencia en cursillos de fotografía. Aprenderemos a manexar tódalas posibilidades da nosa cámara dixital, así como composición, álbumes dixitais, fotografía nocturna, flash, e programas dixitais de manexo de fotografías e de

edición das mesmas. O programa detallado do curso o atoparedes no Club.

O curso o imparte Martín de forma gratuita; só pide que os inscritos que así o desexen aporten voluntariamente un donativo que será destinado ós Refuxiados Tibetanos sen recursos na India, por medio da Asociación Tíbet Galicia.

Este curso o realizaremos nun local preto da Praza de América.

Martín García Pérez

ESPELEOSECCIÓN

Actividades GES Celtas

O verán foi tempo de auga e sol, e boa parte das súas fins de semana, adicámola ao descenso de canóns. Iniciamos a tempada coas Xornadas abertas no río Cerves o 5 de xullo, a onde fomos un grupo de nove persoas que disfrutamos da auga coma nenos. O verán continuou e se baixaron outros canóns, como o Fecha, o Xallas, o Cortellas, ... sempre co bo humor que nos caracteriza a pesares dalgunha situación puntual.

Pero non todo é auga, ou digamos ben...auga pola superficie...esa auga filtrase e formáanse a

covas que tanto nos gustan. Este verán participamos na campaña da Agrupación Espeleolóxica Ramaliega (AER), que días máis tarde do campamento conseguiron unir unha das cavidades exploradas na campaña con outro sistema de covas, o que constituíu o maior sistema cárstico de España, con 114 km de desenvolvemento e 950 m de desnivel.

A continuación desa campaña, estaba previsto organizar a nosa (Hornijo 2009), pero a falta de participantes e problemas de última hora, fixeron que nos tomáramos un ano de relax, e ben foi, pois o tempo esa semana prevista non nos ía permitir saír da tenda de campaña.

O verán finalizou, e con elo 7 anos de restricción de acceso á Cova do Rei Cintolo en Mondoñedo. En outubro, con certa emoción polo reencontro para uns e novidade para outros, visitamos esta histórica cova que tanto añorábamos. O reencontro foi emotivo e cada

un o viviu de maneira diferente, e quixemos que os máis pequenos do club coñeceran esta cavidade tan emblemática para a espeleoloxía galega e para a de Celtas en particular, durante a celebración do 14º Campamento infantil-xuvenil a finais dese mesmo mes.

Do que queda de ano, xa pouco é, pero a ver se facemos un oco para o noso campamento social e comezamos o ano coa assemblea da Sección (9 de xaneiro) para continuar coas prácticas de vertical a finais do mesmo mes.


Agardámosvos!

A Sección.



Club Montañeiros Celtas

MONTAÑISMO



PRÓXIMAS ACTIVIDADES

TRAVESÍA POLOS ANCARES LEONESES

28-29 de novembro


A sección de Montaña, e esta vez da man do noso amigo Federico, ten prevista para a fin de semana do 28 e 29 de novembro unha saída aos "Ancares de León".

Partiremos de Vigo na madrugada do venres para o sábado sobre as 3 ou 4 da mañá, ca

fin de chegar a Burbia ao redor das 8 e iniciar a travesía cara o Mostellar, Penalonga, Cuiña e "Dos Hermanitos" e cristeando chegaremos ao aldea de Villarbón, un pequeno lugar abandonado nos anos 60 e parcialmente recuperado na actualidade. (Durmiremos baixo cuberto). A o día seguinte camiñaremos cara a Burbia facendo así unha travesía circular.

A cousa promete. Se vos queredes animar a esta travesía, ten a vantaxe de non precisar cargar coa tenda, pois teremos teito baixo o que durmir. A cambio é un pouquiño longa, pero seguro que preciosa!!

Contamos con moitos de vós!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!



NAVARRA

5 o 8 decembro

Como xa vai sendo tradición nos últimos anos, nesta ponte de decembro volvémonos trasladar ó País Vasco. Este ano voltamos ó albergue de Urbasa, onde planeamos levar a cabo diversos itinerarios polas zonas da Sierra de Urbasa, Balcón de Pilatos, Txindoki e Sierra de Aralar. O prezo pola media pensión no albergue de Urbasa será de 27,50€/ día.